



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Medio Ambiente

Convocatoria para a adxudicación das autorizacións de uso das hortas ecolóxicas urbanas do Concello da Coruña 2026-2029

ANUNCIO

A Concelleira delegada de Medio Ambiente, de acordo coa delegación de competencias da Xunta de Goberno Local do 4 de xullo de 2024 (BOP núm. 129 do 5 xullo), adoptou o 9 de xaneiro de 2026 o seguinte acordo:

1.- Aprobar aprobar as bases da convocatoria para a adxudicación das autorizacións de uso das hortas ecolóxicas urbanas do Concello da Coruña para o período 2026 - 2029 conforme ás bases regulatorias da convocatoria que se publican a continuación e ao número de parcelas recollidas nos seguintes parques:

- San Pedro de Visma
- Novo Mesoiro
- Parque de Eirís
- Parque de Adolfo Suárez
- Parque de Oza
- Parque Carlos Casares

2.- Extinguir as autorizacións de uso concedidas na convocatoria de 2022 – 2026 (BOP núm. 28 do 10 de febreiro de 2022) con data 15 de febreiro de 2026, tal e como se recolle no comunicado publicado o pasado día 04.11.2025 na web municipal do Concello.

3.- Comunicarlles a aquelas persoas adxudicatarias das hortas sitas no parque da Agra do Orzán e cuxo fin produciuse o 31.10.2024, a posibilidade de desfrutar dunha parcela no parque de San Pedro de Visma, de nova creación, durante un período equivalente ao tempo non desfrutado que abrangue dende marzo de 2026 ata o 15 de xuño de 2027.

A Coruña, 13 de xaneiro de 2026

A xefa do Servizo Medio Ambiente,

Victoria E. Hurtado Chaves

“CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DAS HORTAS ECOLÓXICAS URBANAS DO CONCELLO DA CORUÑA 2026-2029”

1. Obxecto

Esta convocatoria dá inicio ao procedemento de outorgamento das autorizacións correspondentes para o uso das hortas urbanas de San Pedro de Visma, Novo Mesoiro, Parque de Eirís, Parque de Adolfo Suárez, Parque de Oza, e Parque Carlos Casares para o seu uso ou aproveitamento especial do dominio público local.

Con esta iniciativa, o concello promove as hortas urbanas como unha opción de lecer saudable e terapéutica, dirixida á veciñanza interesada na agricultura tradicional empregando prácticas ecolóxicas, cunha finalidade social, educativa, ambiental, terapéutica, participativa e integradora.

Os principais obxectivos das hortas ecolóxicas urbanas son:

- Protexer o patrimonio verde e agrícola e fomentar a biodiversidade.
- Promover un uso responsable dos recursos naturais (territorio, auga e enerxía), incluíndo a produción de compost e sistemas de rega eficientes que eviten o malgasto de auga.
- Impulsar prácticas agrícolas respectuosas co medio ambiente, como a agricultura ecolóxica e a permacultura.
- Favorecer a produción sostible de vexetais para o autoconsumo.
- Crear espazos de cidadanía activa que xeren oportunidades de intercambio social, promovendo as relacións interpersoais e a implicación cidadá no coñecemento e na mellora da contorna urbana.
- Reforzar o sentimento de pertenza ao territorio, recuperando espazos públicos para usos sociais, culturais e ambientais, mellorando a súa estética e poñendo en valor as tradicións rurais.
- Promover estilos de vida activos e saudables, incluíndo a actividade física asociada ao cultivo, os beneficios terapéuticos e alimentarios.
- Fomentar as relacións interxeracionais e interculturais, achegando as novas xeracións ás prácticas tradicionais relacionadas e ao uso responsable da terra e dos recursos.

2. Persoas beneficiarias

Poderán optar aos hortos as persoas físicas, os centros públicos de ensino e asociacións sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

2.1. Persoas físicas

- a) Ser maior de idade.
- b) Estar inscrito/a no Padrón municipal da Coruña, cunha antigüidade mínima dun ano anterior á data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.
- c) Dispoñer da autonomía suficiente para realizar as tarefas básicas do horto, directamente ou con apoio, e contar con capacidade de obrar.
- d) Non ter débedas tributarias no período executivo co Concello da Coruña.
- e) Non ter sido obxecto de revogación dun horto nunha convocatoria anterior.

2.2. Centros públicos de ensino e asociacións sen ánimo de lucro

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal da Coruña.
- b) Que acrediten, mediante os seus estatutos, o seu carácter social, pedagóxico, terapéutico ou ambiental.
- c) Non ter débedas tributarias no período executivo co Concello da Coruña.
- d) Non ter sido obxecto de revogación dun horto nunha convocatoria anterior.

A firma da solicitude para a presente convocatoria supón a autorización expresa para a comprobación de oficio destes requisitos polo Concello da Coruña.

Os requisitos deberán cumprirse na data na que finalice o prazo de presentación das solicitudes, e durante todo o período de vixencia da correspondente autorización.

Só se permite a adxudicación dun horto por unidade familiar, entendendo por unidade familiar aquelas persoas que convivan e estean empadroadas no mesmo domicilio, calquera que sexa a relación de parentesco existente entre elas.

A autorización de cultivo será para todas as persoas integrantes da unidade familiar indicadas na solicitude que cumpran os requisitos. Ademais, cando non poidan atender os cultivos por motivos de enfermidade ou ausencia, poderán

designar a unha persoa que terá autorización puntual unicamente co obxectivo de manter os cultivos existentes (non poderá plantar novos cultivos). Esta persoa poderá ser allea á unidade familiar.

Para todos os efectos legais, a persoa ou entidade adxudicataria será responsable do uso do horto e do cumprimento da normativa deste documento, tanto polas súas actuacións como polas das persoas que autorice ou acompañe.

O órgano municipal competente poderá revogar a autorización, cando se incumplan de forma sobrevida os requisitos sinalados neste apartado, ou concorran outras circunstancias previstas nesta convocatoria como causa de revogación.

3. Duración

A duración da autorización comezará o día seguinte á publicación da resolución das adxudicacións iniciais na páxina web do concello ou, no seu caso, das notificacións individuais e, en todo caso, rematará o 31 de decembro de 2029. Esta disposición aplicarase a todas as autorizacións, incluídas as concedidas en resolucións posteriores. Esta data podería ser obxecto de modificación se o concello así o considerase por razóns de necesidade ou interese público.

No caso de incumprimento da normativa, a autorización de uso considerarase extinta a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de revogación, ou na data que se sinale nela.

Superada a data de finalización, a persoa adxudicataria non poderá permanecer na horta e non terá ningunha preferencia para volver a acceder a ela, debendo devolver as chaves, os carnés e calquera outro elemento posto á súa disposición para o uso da horta urbana no prazo máximo de 10 días posteriores ao 31 de decembro de 2029, ou, se a extinción fose anterior a esta data, no prazo que se indique na correspondente resolución.

Como excepción, debido á extinción anticipada dos hortos situados no parque de Agra do Orzán con motivo das obras do Sector II de San Pedro de Visma, as persoas adxudicatarias que tiveran autorización de uso vixente no momento de dita extinción (31.10.2024) e que presenten en prazo a solicitude dunha parcela no parque de San Pedro de Visma, terán preferencia de uso dunha parcela situada no dito parque en compensación polo tempo non desfrutado, podendo utilizala durante o período comprendido entre a entrega da parcela (prevista para o mes de marzo de 2026) e o 15 de xuño de 2027, e tendo que cesar nesta data a súa actividade facendo a correspondente entrega das chaves e dos carnés que teñan no seu poder nas oficinas do Servizo de Medio Ambiente, tal e como se indica no parágrafo anterior. En todo caso, terán tamén a posibilidade de participar e optar a unha parcela para o período completo establecido na nova convocatoria, en igualdade de condicións ca o resto de persoas solicitantes. No caso de que resulten beneficiarias na nova convocatoria, non se aplicaría dita compensación.

4. Localización, características e número de parcelas

Esta convocatoria pon á disposición da veciñanza parcelas individuais de cultivo nas hortas urbanas de San Pedro de Visma, Novo Mesoiro, Parque de Eirís, Parque de Adolfo Suárez.

Así mesmo, pónense a disposición dos centros públicos de ensino e asociacións sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, as parcelas situadas nas hortas urbanas dos parques de Oza e Carlos Casares.

As parcelas distribúense do seguinte xeito:

- San Pedro de Visma: 120 parcelas individuais
- Novo Mesoiro: 36 parcelas individuais, 1 parcela de uso común
- Parque de Eirís: 81 parcelas individuais, 1 parcela de uso común
- Parque de Adolfo Suárez: 75 parcelas individuais, 1 parcela de uso común
- Parque de Oza: 13 parcelas
- Parque de Carlos Casares: 12 parcelas

Por mor das obras realizadas, o número total de parcelas poderá sufrir algunha variación. En todo caso este número quedará definido con carácter previo á adxudicación definitiva dos hortos, sen que a cifra provisional outorgue dereitos ás persoas solicitantes. Cada unha das parcelas de cultivo terá asignado un número.

A dimensión das parcelas nas hortas de San Pedro de Visma, Novo Mesoiro, Parque de Eirís e Parque de Adolfo Suárez, oscila aproximadamente entre 10 m² e 30 m².

A horta localizada no Parque de Oza conta cunha superficie total cultivable de 116,25 m² dividida en 13 parcelas de dimensións entre 2,5 m² e 20 m².

A horta, localizada no Parque de Carlos Casares, conta cunha superficie total cultivable de 52,80 m² dividida en 12 parcelas de 4,4 m².

5. Normativa en materia de agricultura ecolóxica

Os parques teñen a condición de bens de dominio público, de acordo coas previsións do artigo 3 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

A tramitación do procedemento para o uso e aproveitamento das hortas urbanas réxese polas disposicións da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e polos artigos 46.1 e 46.2 do Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, polo que se establece o Marco de Actuación para Lograr un Uso Sostible dos Produtos Fitosanitarios.

Sobre a facultade de establecer infraccións e sancións mediante ordenanzas municipais, existe unha habilitación legal expresa recollida no artigo 139 do Título XI da Lei 7/1985, que establece que para a axeitada regulación das relacións de convivencia de interese local e o uso dos seus servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións e espazos públicos, as entidades locais poderán, en ausencia de normativa sectorial específica, establecer os tipos de infraccións e impoñer sancións por incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións.

O réxime sancionador aplicable será o previsto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (art. 192 a 194), na Ordenanza Municipal de Xestión de Resíduos e Limpeza Viaria (art. 111 a 117), na Ordenanza de Convivencia e Ocio no Espazo Público do Concello da Coruña (art. 4 a 14) e na Ordenanza de Mobilidade Sostible no Concello da Coruña (art. 192).

6. Réxime económico

As autorizacións de uso terán carácter gratuito e non estarán suxeitas a taxa, de acordo co disposto no artigo 92.5 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas.

Os gastos de conservación e mantemento de cada unha das parcelas de cultivo correrán a cargo das persoas adxudicatarias correspondentes, que se comprometen a utilizar o ben segundo a súa natureza e a que, unha vez finalizada a autorización, o estado do ben sexa equivalente ao que tiña no momento inicial.

O mantemento preventivo e as pequenas reparacións dos elementos comúns (caseta, caixón de ferramentas, composteiros, bancos, mesas, outras construcións de madeira e a instalación de rego), corresponderá ás persoas usuarias da horta. En caso de incerteza sobre a actuación necesaria, poderán solicitar aclaración ao concello.

As persoas titulares das parcelas poderán solicitar as intervencións que consideren necesarias por parte do concello mediante a presentación de propostas no Plan Anual de Melloras da eco horta, e os gastos destas asignaranse de acordo co aprobado no dito Plan, en función das disponibilidades orzamentarias do concello.

7. Requisitos da solicitude

7.1. Persoas físicas

Cada unidade familiar poderá realizar unha única solicitude de adxudicación nunha das seguintes localizacións de hortas urbanas: San Pedro de Visma, Novo Mesoiro, Parque de Eirís ou Parque de Adolfo Suárez.

No caso de que se indique máis dunha localización, a solicitude quedará anulada.

A documentación que deberán presentar será a seguinte:

- Solicitude/declaración responsable conforme ao modelo que se recolle no anexo I, de acordo co artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Copia do documento de identidade (DNI, NIE ou Pasaporte) da persoa solicitante e de cada unha das persoas conviventes que cumpran requisitos e pretendan traballar o horto, así como da persoa escollida para manter os cultivos puntualmente.
- Fotografía recente tamaño carné da persoa solicitante e de cada un das persoas conviventes que cumpran requisitos e pretendan traballar o horto, así como da persoa escollida para manter os cultivos puntualmente.

Non se terán en conta as solicitudes de hortos que non vaian acompañadas da declaración responsable recollida no anexo I, debidamente cumprimentada.

Poderase achegar a documentación para incluír novas persoas conviventes que cumpran requisitos en calquera momento durante a vixencia da convocatoria a través do rexistro municipal.

7.2. Asociacións ou centros de ensino

Cada asociación ou centro de ensino poderá realizar unha única solicitude de adxudicación para calquera das seguintes localizacións de hortas urbanas: Parque de Oza ou Parque Carlos Casares.

No caso de querer facer a solicitude para os dous parques, deberá indicar a orde de preferencia tal e como se sinala na solicitude.

A documentación que deberán presentar será a seguinte:

- a) Solicitude/declaración responsable conforme ao modelo que se recolle no anexo II, de acordo co artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- b) Copia dos estatutos da entidade e do Regulamento interno, no seu caso.
- c) Memoria explicativa do proxecto social, pedagóxico, terapéutico ou ambiental para desenvolver na horta urbana. Máximo 20 páxinas -10 follas- (letra Arial, tamaño 11, entreliñado sinxelo), na que se expliquen os seguintes aspectos:
 - Obxectivo xeral e obxectivos específicos do proxecto.
 - Xustificación de como se utilizará a eco horta para acadar os obxectivos específicos propostos.
 - Xustificación do colectivo de persoas ás que se destina o proxecto.
 - Metodoloxía e planificación das actividades de comunicación e integración co resto das persoas usuarias das eco hortas e co resto da veciñanza.

Para determinar a sede social da entidade terase en conta o domicilio que figure nos seus estatutos. De modificarse o domicilio social, deberá acreditarse a súa modificación no rexistro correspondente. En todo caso, entenderase cumprido este requisito cando a entidade solicitante estea inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas. No caso de existir delegación da entidade, esta deberá acreditarse mediante o contrato ou o documento de valor xurídico similar a nome da entidade na que conste que a súa utilización será para actividades da propia entidade.

Non se terán en conta as solicitudes de hortos que non vaian acompañadas pola declaración responsable recollida no anexo II, debidamente cumprimentada.

No caso de que os documentos esixidos nos apartados 7.1 e 7.2, xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, a persoa solicitante poderase acoller ao establecido no artigo 53.1, apartado d), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderalle requirir á persoa solicitante a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento.

Sen prexuízo do disposto anteriormente, poderáselles requirir que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para tramitar e resolver o procedemento.

8. Prazo de presentación de solicitudes

As persoas interesadas que cumpran os requisitos previstos na convocatoria, poderán presentar a solicitude e a documentación complementaria no rexistro xeral do Concello da Coruña ou por calquera das outras vías previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. As solicitudes poderanse presentar a través da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es>). A solicitude irá dirixida ao Servizo de Medio Ambiente do Concello da Coruña, que será o órgano encargado de instruír o procedemento.

O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días hábiles que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). A convocatoria publicárase tamén na páxina web municipal (www.coruna.gal/medioambiente) e a través dos medios que se consideren adecuados para facilitar a súa divulgación.

Non se admitirán as solicitudes presentadas fóra de prazo. Se durante a vixencia da convocatoria se esgota algunha das listas de agarda e resulta necesario, poderanse abrir novos prazos para presentar solicitudes e ampliar as ditas listas. Neste caso, as novas solicitudes que cumpran os requisitos integraranse empregando o mesmo sistema utilizado para as adxudicacións iniciais na listaxe de agarda da horta correspondente.

9. Instrución e resolución do procedemento de adxudicación

O sistema de adxudicación dos hortos efectuarase, segundo se trate de persoas físicas ou de entidades sen ánimo de lucro, do seguinte xeito:

9.1. Persoas físicas

No suposto das persoas físicas, establecerase unha orde de prelación entre as solicitudes que cumpran os requisitos segundo a última letra que figure no documento de identidade da persoa solicitante. Ordenaranse alfabeticamente a partir da letra resultante do sorteo público segundo o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade

Autónoma de Galicia. Cando coincidan varias persoas coa mesma letra, ordenaranse entre elas atendendo aos catro últimos díxitos do documento de identidade, en orde ascendente, encabezando a listaxe a persoa cuxa cifra resultante sexa máis baixa.

En caso de empate entre persoas que coincidan cos mesmos díxitos numéricos, terase en conta o dígito inmediatamente anterior e así sucesivamente.

Se houberse algún documento de identidade que non tivese ningunha letra, tomarase a última letra do nome da persoa.

As parcelas asignaranse correlativamente a partir da listaxe obtida para cada horta urbana.

Exemplo:

Imaxinemos que a letra que saíu no sorteo foi o "C" e que se presentan as seguintes persoas:

NOME	Nº DOCUMENTO IDENTIDADE	ÚLTIMA LETRA	ÚLTIMOS 4 DÍXITOS
María	12345678C	C	5678
Fernando	52861473S	S	1473
Omar	X1234567S	S	4567
Susana	75641238M	M	1238
Clara	AC357621	C	7621

Neste caso María e Clara teñen a última letra do seu documento coincidente coa letra do sorteo polo que quedarían as primeiras na listaxe. Entre elas, María sería a primeira xa que ten a cifra máis baixa tendo en conta os 4 últimos díxitos do seu documento.

Seguindo a orde alfabética, Susana sería a terceira xa que a última letra do seu documento é o "M".

Por último, irían Fernando e Omar xa que coinciden coa letra "S". Fernando tería preferencia por ter a cifra máis baixa.

A orde da listaxe e adxudicación quedaría así:

NOME	Nº DOCUMENTO IDENTIDADE	Nº PARCELA
María	12345678C	1
Clara	AC357621	2
Susana	75641238M	3
Fernando	52861473S	4
Omar	X1234567S	5

9.2. Entidades sen ánimo de lucro

No suposto das Entidades sen ánimo de lucro efectuarase por adxudicación directa, logo da valoración por parte dun/dunha técnico/a municipal da viabilidade e interese social do proxecto presentado, valorando a calidade e o nivel de detalle da memoria explicativa do proxecto social, pedagóxico, terapéutico ou ambiental que se desenvolverá na horta urbana. A puntuación máxima será de 20 puntos, de acordo co seguinte baremo:

- Obxectivo xeral e obxectivos específicos do proxecto: ata 5 puntos.
- Xustificación de como se utilizará a eco horta para acadar os obxectivos propostos: 5 puntos.
- Xustificación do colectivo de persoas ás que se destina o proxecto: 5 puntos.
- Metodoloxía e planificación das actividades de comunicación e integración co resto das persoas usuarias das eco hortas e co resto da veciñanza: 5 puntos

No caso de que, por falta de concorrencia ou por non cumprir os requisitos, quedasen parcelas sen adxudicar nas hortas urbanas do Parque de Oza e Parque Carlos Casares, poderanse ofrecer ás persoas físicas que quedasen na listaxe de agarda de calquera dos outros parques seguindo os mesmos criterios aplicados ao resto das adxudicacións.

9.3. Publicación da relación provisional de persoas admitidas e prazo de emenda

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, para que as persoas interesadas poidan presentar alegacións ou emendar a documentación no prazo de 10 días

hábiles. O incumprimento dos termos da convocatoria, dos requisitos nela establecidos, así como a ocultación, alteración ou manipulación da información solicitada, será causa de exclusión da solicitude.

Se transcorre o prazo de 10 días hábiles sen que se emenden os defectos ou a documentación requirida, entenderase que a persoa interesada desiste da súa solicitude conforme ao artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Se todas as solicitudes se presentan correctamente dende o inicio, publicarase directamente a relación definitiva de persoas admitidas.

9.4. Publicación da relación definitiva de persoas admitidas e listaxes de agarda

A resolución do procedemento establecerá a relación definitiva das persoas adxudicatarias e a relación das persoas incluídas na listaxe de agarda.

O Servizo de Medio Ambiente indicará na resolución de outorgamento da autorización o lugar e a data nos que a persoa titular da unidade familiar deberá asinar e recoller os elementos necesarios para o inicio da actividade.

As persoas titulares dunha parcela poderán permutala con outra persoa en todo momento, non permitíndose as permutas múltiples entre máis de dúas persoas, e sempre previa comunicación obrigatoria por escrito asinada polas dúas partes ao Concello da Coruña.

9.5. Listaxes de agarda

Unha vez adxudicadas as parcelas previstas, as persoas solicitantes que non resultasen adxudicatarias pasarán a formar parte dunha listaxe de agarda existente para cada parque, mantendo a mesma orde de prelación empregada nas adxudicacións.

Tanto a relación provisional como a definitiva, así como as listaxes de agarda, publicaranse na páxina web municipal e poderanse consultar en calquera momento a través do seguinte enlace: www.coruna.gal/medioambiente/gi/sectores-ambientais/espazos-verdes/ecohortas, de acordo co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Ademais, poderá consultarse a través do teléfono de atención cidadá 010.

10. Datos persoais

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos e coa Lei Orgánica 3/2018 de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos persoais recollidos serán tratados polo Concello da Coruña como responsable, coa finalidade de xestionar o presente procedemento. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para a súa tramitación e, posteriormente, segundo as obrigas legais de arquivo. Os interesados poden exercer os seus dereitos ante o rexistro xeral do concello, a sede electrónica ou o Delegado de Protección de Datos (delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal), e reclamar ante a AEPD (www.aepd.es).

A participación neste procedemento implica o consentimento do tratamento e a cesión/comunicación dos datos de carácter persoal que resulten precisos para o desenvolvemento, cumprimento e control da convocatoria así como da correcta xestión das hortas e das autorizacións concedidas. Así mesmo, constitúe autorización expresa ao Concello da Coruña para solicitar a outras Administracións Públicas a información necesaria.

11. Actuacións do concello

O Concello da Coruña dotará as instalacións de subministro de auga, procederá ao valado das hortas (o cal será reposado en caso de rotura ou degradación), garantirá a accesibilidade aos espazos e poderá modificar a configuración das hortas de traballo para mellorar a súa funcionalidade ou aproveitamento, de acordo coas posibilidades orzamentarias.

12. Normas de uso das eco hortas

12.1. Obrigas

As persoas autorizadas deberán cumprir as seguintes obrigas:

- A horta deberá ser cultivada empregando técnicas da agricultura ecolóxica. Para coñecer as ditas técnicas poderán ser convocadas a asistir de maneira obrigatoria a un curso básico de horticultura ecolóxica. A non asistencia ao curso suporá unha falta grave.
- Deberán manter en todo momento a parcela de cultivo adxudicada en perfecto estado de limpeza e conservación. Deberán respectarse todos os elementos que forman parte da horta. No caso das parcelas, deberán manter limpo o tramo dos camiños que as delimiten.
- Adquirirán e manterán todos os elementos necesarios para o cultivo da horta (ferramentas, carretillas, sementes, abonos, plantas, etc.). O concello non se fará responsable dos danos, do extravío nin da desaparición destes.

- d) Ao finalizar a vixencia da autorización, a persoa adxudicataria deberalle devolver a parcela de cultivo ao concello en idénticas condicións ás da súa entrega inicial.
- e) Procurarase que as novas adxudicacións se realicen sempre despois da recolleita pero no caso de que no momento de extinguirse a autorización existisen colleitas pendentes, e de existiren novas persoas adxudicatarias da parcela de cultivo, os cultivos entenderanse entregados ás novas persoas adxudicatarias. En caso de non existiren novas persoas adxudicatarias, permitiráselles a recolleita ás antigas persoas adxudicatarias.
- f) Deberán evitar producir molestias ou danos a terceiras persoas, polo que deberán manter en orde a parcela de cultivo e os seus arredores. Así mesmo, os apeiros de labranza que non estean sendo usados deberán estar adecuadamente gardados e baixo chave na caseta habilitada para iso, para evitar riscos para as persoas usuarias do parque.
- g) Deberán manter unha distancia de cortesía mínima de 30 cm entre os cultivos e os lindes da parcela para evitar invadir as parcelas veciñas e as zonas comúns. Esta franxa de terreo non cultivable poderase utilizar para moverse pola parcela ou acumular material como varas e outros.
- h) Evitarán introducir elementos que poidan molestar ou pór en perigo ás persoas e animais. Non están permitidas as estacas perigosas nin plantas con espiñas a menos de 50 cm dos lindes da parcela. En caso de incumprimento, poderán ser podados ou retirados sen aviso previo.
- i) Deberán cumprir coas normas mínimas de convivencia e respecto ao persoal municipal e demais usuarias/os.
- j) Atenderán os requirimentos que, en cumprimento desta convocatoria, lles faga chegar o persoal do concello ou a policía Municipal. Así mesmo, deberán comparecer nun prazo máximo de 15 días xustificado (salvo xustificación acreditada) cando sexan requiridos polo/a monitor/a de hortos.
- k) Facilitarán o labor de control e inspección dos inspectores ambientais e da policía municipal, e poñerán á súa disposición toda a documentación e información que lles sexa requirida, e non obstaculizarán o acceso ás instalacións ou elementos da horta.
- l) Eliminarán as especies invasoras tan pronto como sexan identificadas ou permitirán o acceso ao/á monitor/a ou a quen este autorice, para a súa eliminación.
- m) Se a parcela de cultivo adxudicada permanecese desatendida ou en evidente estado de abandono ou sen uso por un período superior a 1 mes sen xustificación razoada (agás os meses de decembro e xaneiro), suporá o inicio do procedemento de revogación e a posible extinción das autorizacións, logo da previa audiencia ás persoas interesadas. (A estes efectos, considerárase que unha parcela está cultivada cando, aínda que non existan cultivos, a parcela estea limpa e a terra traballada)
- n) Se por motivos xustificadas (enfermidade, traslado temporal, etc.), non puideran atender a parcela pero prevexan seguir facéndoo máis adiante, deberán solicitar ao concello a suspensión dos cultivos informando da duración estimada desta situación. Neste caso, o concello poderá admitir dita solicitude e permitir que a parcela permaneza sen traballar durante un período máximo de 3 meses. En calquera caso, unicamente se poderá facer uso desta circunstancia unha vez durante toda a convocatoria e deberá xustificarse mediante a presentación por rexistro da documentación acreditativa pertinente.
- o) No caso de que a persoa desista de cultivar a parcela deberá comunicalo ao Servizo de Medio Ambiente para que a horta non sufra abandono e se poida adxudicar a unha nova unidade familiar da listaxe de agarda.
- p) No caso de extinción da autorización de uso, a persoa titular da autorización deberá entregar as chaves, os carnés e calquera outro elemento posto á súa disposición para o uso e aproveitamento da horta urbana.
- q) No caso de producirse unha avaria ou fuga no sistema de rega, será responsabilidade das persoas adxudicatarias pechar a chave xeral da entrada da auga á horta e reparar a avaria. No caso que a avaria estea provocada por defectos da infraestrutura base, deberán avisar coa maior celeridade á Concellaría de Infraestruturas e Mobilidade.
- r) Deberán portar o carné acreditativo da autorización para traballar no horto e levalo nun lugar visible durante a súa estancia.
- s) O concello poderá dividir a horta en sectores de entre 20 e 30 parcelas para responsabilizar conxuntamente ás persoas usuarias de cada sector do mantemento das zonas comúns.

12.2. Prohibicións

As persoas autorizadas non poderán levar a cabo as seguintes actuacións:

- a) A cesión ou traspaso da parcela de cultivo a terceiras persoas.

- b) Modificar a estrutura, a superficie ou os límites establecidos polo concello.
- c) Deixar na horta ou nos arredores ferramentas ou utensilios ao finalizar a xornada.
- d) O uso de grellas fóra do espazo habilitado para tal fin.
- e) O rego mediante manguera.
- f) Usar ferramentas motorizadas, para evitar ruídos na contorna. En caso de necesidade puntual, poderá solicitar autorización motivada ao concello.
- g) Prender lume na parcela de cultivo ou arredores.
- h) A construción de calquera tipo de edificio na parcela ou arredores.
- i) A ocupación con obras ou instalacións fixas, incluíndo casetas, pozos, cobertizos, caravanas, quioscos, ou calquera tipo de instalación ou elemento. Se a persoa adxudicataria considera indispensable algún elemento para mellorar o aproveitamento, poderá solicitado motivadamente no Plan Anual de Melloras da eco horta.
- j) A instalación ou utilización de elementos que deteriorenen a paisaxe ou o aspecto da contorna. A colocación de cadeiras, armarios, estantes e outros enseres considerárase unha falta moi grave.
- k) A entrada e permanencia de animais domésticos agás cando estean atados e baixo a supervisión da persoa responsable, garantindo que non ocasionen danos nin molestias.
- l) O almacenamento de substancias perigosas, tóxicas ou combustibles.
- m) O acceso de vehículos de tracción mecánica salvo excepcións debidamente xustificadas e previa autorización do concello.
- n) A utilización de produtos fitosanitarios ou substancias contaminantes, salvo remedios naturais autorizados para agricultura ecolóxica segundo o apartado 13.f desta convocatoria. En caso de sospeita, o concello poderá facer as análises correspondentes e, de confirmarse o uso de produtos non permitidos, poderá arrancar as plantas afectadas e remover a capa superior do terreo, aínda que a persoa responsable non fose ningunha persoa autorizada da parcela, e se o considerase necesario, impoñer a correspondente sanción e/ou a revogación de uso do horto.
- o) Delegar o uso do horto noutras persoas aínda que sexan familiares, sen a previa comunicación ao concello e a correspondente autorización.
- p) Cultivar unha parcela distinta da que lle foi adxudicada, agás no caso de habela obtido mediante permuta, debidamente comunicada e asinada ante o Servizo Municipal de Medio Ambiente.
- q) O monocultivo. Cada parcela deberá ter, polo menos, 4 cultivos de especies vexetais distintas, con superficies semellantes en cada tempada. Ademais, será obrigatoria a rotación de cultivos entre tempadas para favorecer a biodiversidade e a saúde do solo.

11.3. Carnés e Autorizacións

Considéranse autorizadas para traballar o horto todas as persoas integrantes da unidade familiar, é dicir, que convivan e estean empadroadas no mesmo domicilio, sempre que cumpran os requisitos e teñan o correspondente carné de persoa autorizada emitido polo concello.

Ademais, cada unidade familiar poderá solicitar unha autorización para que outra persoa, non obrigada a cumprir os requisitos nin a pertencer a dita unidade familiar, poida atender os cultivos puntualmente cando por motivos de enfermidade ou ausencia ningún membro poida facerse cargo. Esta persoa só poderá realizar tarefas de mantemento (rego, poda, colleita) pero en ningún caso poderá iniciar novos cultivos, e deberá levar consigo o carné correspondente.

No caso dos centros públicos de ensino e asociacións, emitíranse as autorizacións oportunas segundo as necesidades indicadas na documentación achegada.

Sempre que se traballe no horto, as persoas autorizadas deberán levar obrigatoriamente o carné de persoa autorizada consigo, visible en todo momento. O incumprimento desta obriga poderá ser motivo de sanción.

En caso de deterioración ou perda do carné, deberá comunicarse ao concello no prazo máximo de 48 horas.

11.4. Visitas

As persoas usuarias poderán convidar amizades ou familiares para coñecer a iniciativa, sempre de maneira ocasional e limitada, e en presenza dunha persoa autorizada do horto. Cada visita deberá comunicarse previamente ao/á monitor/a de hortos, indicando día e hora, para garantir unha correcta organización e evitar molestias a outras persoas usuarias.

Así mesmo, as persoas usuarias das parcelas poderán acudir acompañadas dos/as menores de idade da unidade familiar, que deberán permanecer en todo momento baixo a súa supervisión e responsabilidade, garantindo que non se producen danos ou molestias.

11.5. Educación ambiental

As hortas urbanas poderán recibir visitas de escolares e doutros colectivos, co fin de dar a coñecer as actividades desenvolvidas neles e inculcar os valores vinculados á agricultura tradicional e ecolóxica.

Para ese fin, as persoas usuarias deberán permitir a entrada ás visitas organizadas ou patrocinadas polo concello, e deberán colaborar, na medida das súas posibilidades, co persoal docente ou demais persoas que acompañen as visitas.

As persoas usuarias poderán transmitir valores ligados á terra e á natureza, compartindo coñecementos sobre métodos de cultivos, especies utilizadas, e outros aspectos que poidan suscitar o interese sobre a agricultura tradicional e ecolóxica, fomentando as relacións interxeracionais.

As persoas usuarias, poderán solicitar ao concello a realización de eventos ou actos lúdicos con público externo, sempre que teñan como finalidade a posta en valor da horta, dos seus cultivos ou produtos, e que non se supere a capacidade das instalacións. Así mesmo, o concello poderá organizar encontros, xornadas, cursos e outras actividades colectivas que promovan o encontro social, interxeracional ou intercultural, do que se dará a oportuna publicidade.

12.6. Horario

O horario de uso das parcelas está pensado para aproveitar ao máximo as horas de luz solar. Establécese do seguinte xeito:

De abril a setembro: de 09.00 a 22.00 horas

De outubro a marzo: de 10.00 a 20.00 horas

Os días 24 e 31 de decembro, as hortas pecharanse ás 18.00 horas.

O concello poderá modificar estes horarios, comunicándoo oportunamente.

12.7. Comunicaci3ns

As persoas adxudicatarias deberán comunicar calquera circunstancia relacionada co uso dos hortos que poida causar prexuízo ás instalacións ou ás persoas.

Igualmente, deberán informar tamén da súa intención de desatender o horto, cando prevexan non poder facelo, xa sexa temporalmente ou de forma permanente.

As comunicaci3ns deberán realizarse mediante solicitude xeral no rexistro municipal, de forma telemática a través da sede electrónica ou presencialmente en calquera oficina con rexistro cuxas localizaci3ns poden consultarse na páxina web do concello ou no seguinte enlace: <https://sede.coruna.gal/sede/es/ayuda/soporte/oficinas-de-registro?argIdioma=es>.

Para dúbidas sobre normas de uso, produtos ou outras circunstancias cotiás, poderán contactar co/a monitor/a de hortos a través do número de teléfono que se lles facilitará.

13. Condici3ns específicas de cultivo: cultivo ecol3xico

- a) A agricultura será ecolóxica, respectando os principios e criterios técnicos establecidos pola normativa vixente e polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA).
- b) Fomentarse o uso de sementes autóctonas e especies locais.
- c) O concello procurará facilitar asesoramento técnico e organizar xornadas formativas sobre agricultura ecolóxica, segundo as dispoñibilidades orzamentarias.
- d) O concello poderá realizar acordos de colaboración con asociaci3ns para promover actividades formativas e divulgativas.
- e) Os cultivos deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Uso exclusivo para o cultivo hortícola, de tubérculos, legumes, flores, plantas aromáticas e/ou medicinais.
 - Finalidade alimentaria para consumo familiar, e queda prohibida a súa venda.
 - Permítese plantar especies plurianuais, sen dereito a prórroga da autorizaci3n de uso concedida.
 - Queda expresamente prohibido o cultivo de:
 - Especies ornamentais que poidan suscitar riscos para a saúde humana das persoas usuarias do parque.
 - Plantas transxénicas.

- Especies incluídas no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras (RD 630/2013) e de calquera outra planta que poidan alterar negativamente a fertilidade, estrutura ou equilibrio do solo.
 - Plantas psicotrópicas e aquelas prohibidas por Lei.
 - Permítese instalar alcouves unicamente nas parcelas individuais para sementeira e cría de plantas hortícolas durante un curto período de tempo para seren logo transplantadas á eco horta.
- f) As persoas autorizadas deberán respectar as seguintes especificacións técnicas referidas ao uso de fertilizantes e tratamentos fitosanitarios:
- Prohíbese o uso de fertilizantes e produtos fitosanitarios non ecolóxicos e non autorizados en agricultura ecolóxica. Tampouco poderán emitir partículas indesexables á atmosfera que lles poidan provocar danos ás demais persoas da contorna, flora e/ou fauna, nin utilizar produtos de limpeza ou outros que contaminen o solo.
 - Usaranse remedios naturais contra as pragas e enfermidades, e fertilizarase a terra con fertilizantes ecolóxicos certificados ou con materia orgánica previamente descomposta (compost etc.), en lugar de fertilizantes artificiais.
 - A eliminación de malas herbas deberase facer manualmente.
 - Quedan expresamente prohibidos:
 - Todos os fertilizantes orgánicos de sínteses e os compost elaborados con produtos contaminados (pallas, esterco, herbas e fertilizantes orgánicos tratados con pesticidas e herbicidas). Non se poderá utilizar esterco procedente de deposicións de animais ou persoas.
 - Todos os fertilizantes minerais (nitroxenados, fosfatados, potásicos, magnésicos, cal vivo, cloruro sódico, etc.) obtidos por procedementos químicos.
 - Insecticidas, funxicidas, acaricidas e outros produtos procedentes da síntese química, así como os produtos antilimacos a base de metaldehído e sulfato férrico.
 - No que atinxe ao control de pragas e enfermidades, para aqueles produtos autorizados na práctica da agricultura ecolóxica (caldo bordelés, xabón potásico, etc.), ao tratarse dun espazo público estarase ao disposto no RD 1311/2021, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para acadar un uso sostible dos produtos fitosanitarios. Será obrigatorio presentar unha solicitude ao Servizo Municipal de Medio Ambiente no rexistro municipal, de acordo cos requisitos establecidos no antedito Real Decreto. O seu uso terá sempre carácter excepcional. Será obrigatoria a comunicación ao resto das persoas da horta, unha vez autorizado o seu uso polo concello. En calquera caso, estas substancias só poderán ser aplicadas polas persoas coa titulación esixida no antedito Real Decreto.
 - As trampas, redes, cepos, lazos, escopetas, tiradores de goma ou métodos de captura non selectivos para a fauna, así como a colocación de cebos que inclúan substancias velenosas. Serán admisibles métodos tradicionais e incruentos para espantar as aves, sempre que non teñan un impacto paisaxístico negativo (como o que ten a utilización de plásticos, cedés, etc.). En calquera caso, deberán ser informadas as persoas responsables municipais do problema de praga detectado e dos medios que se pretendan empregar para palialo.
 - Está autorizada a utilización das seguintes substancias:
 - Os fertilizantes procedentes de humus de miñocas, os esterco compostados (entendendo a compostaxe como un proceso de fermentación aerobia), fertilizantes verdes e restos de colleitas perfectamente descompostos, así como os compost elaborados a partir de residuos non contaminados. En calquera caso, o fertilizante orgánico deberá estar suficientemente compostado.
 - Poderanse aplicar distintos preparados a base de plantas (maceracións, infusións, decoccións etc.) de uso común na agricultura ecolóxica.
 - Os métodos biolóxicos para o control de herbas competidoras (acolchado, monda manual ou semimanual, cultivo en bancal profundo).
- g) En relación coa xestión da rega, as persoas autorizadas terán prohibido:
- Deixar tomas de auga abertas, regar en períodos nos que pola humidade do terreo non sexa necesario, malgastar a auga de rego ou utilizar métodos de rego que provoquen un consumo anormal da auga dispoñible.

- A traída de augas desde calquera outro punto que non estea habilitado para iso e que non conte con autorización.
- O rego con aspersores, difusores, microaspersores, mangueras ou outros medios que poidan invadir os arredores da horta. As persoas usuarias deberán realizar a rega utilizando regadeiras a partir da toma de auga asignada a horta, salvo que se habilite algún sistema de rega eficiente, como o sistema por goteo ou similar.
- Poderá propoñerse no Plan Anual de Melloras da eco Horta, a transformación a un sistema de rega de por goteo sectorizado ou sudación sectorizada co obxectivo de mellorar a eficiencia na rega e diminuír o gasto de auga.

h) Para o tratamento adecuado dos residuos, as persoas autorizadas cumprirán as seguintes pautas:

- As persoas adxudicatarias serán responsables do adecuado estado de limpeza da parcela e do tramo do camiño que a delimite e para iso deberán depositar os restos orgánicos que non sexan tratados mediante compostaxe nos colectores verdes máis próximos. O resto de residuos non orgánicos depositaranse nos colectores de que correspondan máis próximos da vía pública. No caso da retirada de pedras, estas deberán acopiarse no lugar que indique o/a monitor/a de hortos.
- Queda expresamente prohibida a queima de restos vexetais ou residuos.
- Prohíbese a realización de verteduras ou depósitos de residuos dos restos da roza ou limpeza da horta, na horta ou na súa contorna, excepto cando estes depósitos estean autorizados e destinados á compostaxe.
- Os restos da eliminación das plantas cualificadas como invasoras no RD 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras (Herba da Pampa, Margarita africana, etc.), non se poderán incorporar ao proceso de compostaxe.
- Non se poderán arrimar restos de ningún tipo fóra do recinto da eco horta.

14. Responsabilidade das persoas adxudicatarias

As persoas adxudicatarias serán responsables das lesións ou danos ocasionados na parcela, nas infraestruturas ou nos medios materiais, así como dos derivados do incumprimento das condicións de uso e prohibicións establecidas nesta convocatoria. En caso de deterioro das instalacións non atribuíble ao uso ordinario, deberán repoñelas ou restauralas ao seu estado inicial. Tamén serán responsables dos danos causados por actos realizados polas persoas vinculadas á súa autorización.

Nestes casos, a Administración, previa audiencia ás persoas interesadas, ordenará a reposición ou reparación dos danos causados ou, no seu defecto, reclamará o pagamento do importe correspondente.

As persoas adxudicatarias responderán igualmente dos danos ou prexuízos causados a terceiras persoas, usuarias ou non das hortas, no exercicio das súas facultades de uso, e deberán asumir a correspondente indemnización polos danos ocasionados por elas ou polas persoas vinculadas á súa autorización.

15. Plan Anual de Melloras da eco horta

Calquera persoa, física ou xurídica, adxudicataria dunha parcela poderá presentar propostas para incluílas no Plan Anual de Melloras. Estas propostas poderanse presentar nos meses de xuño e decembro, para planificar as actuacións sen interferir co calendario dos cultivos.

As melloras poderán referirse, entre outros, aos seguintes ámbitos:

- Xestión enerxética e da auga..
- Compostaxe e tratamento da materia orgánica
- Control de plantas invasoras.
- Produción de plántula para uso común.
- Seguimento e control da calidade do chan.
- Melloras en infraestruturas, mobiliario e instalacións.
- Xestión da ferramentas e medios comúns.
- Actividades formativas e divulgativas sobre agricultura ecolóxica.
- Plantacións perennes e comunitarias (incluíndo árbores froiteiras).
- Uso e mantemento dos espazos comúns.
- Modelo de gobernanza.
- Outras propostas que respecten as normas desta convocatoria.

Cada proposta deberá:

- Contar co apoio dun mínimo do 10% das persoas titulares das parcelas, acreditado mediante sinaturas, co fin de asegurar a súa representatividade.
- Ser aprobada en Asemblea por maioría simple
- Ir acompañada dunha acta que inclúa a relación de asistentes, os resultados das votacións e a orde de prioridade das propostas aprobadas

As propostas deberán presentarse no rexistro municipal e incluír:

- Obxectivos da actuación
- Persoas destinatarias (identificación cualitativa e cuantitativa).
- Persoas ou grupo de responsable da execución e mantemento. Se no momento da execución por parte do concello, estas persoas non están dispoñibles, independentemente da causa, o concello suspenderá a actuación ata que outro grupo asuma as responsabilidades.
- Medios solicitados ao concello.
- Época idónea para a realización.
- Custo aproximado.

Valoraranse especialmente as melloras que supoñan a implicación das persoas usuarias, tanto no que respecta á súa implementación como ao seu mantemento, así como a claridade e razoamento da proposta.

A documentación anexa incluírá:

- Listaxe de sinaturas (nome, apelidos, DNI e número de parcela).
- Listaxe do grupo executor e/ou responsable do mantemento (nome, apelidos, DNI, número de parcela e sinatura).
- Copia da acta da asemblea.

Só poderán asinar persoas que estean cultivando a horta no momento da presentación da proposta.

As propostas só poderán afectar ao parque de eco hortas no que cultivan as persoas asinantes. Non se admitirán propostas que afecten a máis dun parque.

O Plan Anual de Melloras será o canle para solicitar actuacións nas eco hortas por parte do concello. So se admitirán propostas presentadas conforme aos requisitos desta Convocatoria.

16. Inspeccións municipais

O concello poderá realizar inspeccións nas instalacións cedidas para garantir o cumprimento das normas de esta convocatoria. Estas funcións de control poderán ser exercidas polo persoal técnico municipal, a Policía Local e o servizo de inspección de Medio Ambiente, especialmente en caso de incidencias ou conflitos na xestión dos hortos ou entre as persoas usuarias e terceiras persoas.

17. Extinción da autorización

A autorización extinguirase polas seguintes causas:

- a) Vencemento do prazo da autorización.
- b) Mutuo acordo entre as partes.
- c) Revogación unilateral por parte do concello.
- d) Desaparición do ben ou esgotamento do aproveitamento.
- e) Resolución xudicial.
- f) Renuncia ou desistencia da persoa titular, comunicada ao concello mediante escrito no rexistro municipal. Cando a parcela estea incurso nun procedemento de revogación, a renuncia terá os mesmos efectos que a revogación, implicando a extinción inmediata da autorización e a inmediata dispoñibilidade da parcela.
- g) Defunción, enfermidade crónica ou incapacidade para traballar o horto. Se non houberse ningún membro da unidade familiar autorizado que se poida facer cargo, autorizarase aos herdeiros/as ou familiares designados a recoller os produtos hortícolas existentes.
- h) Perda da condición de veciñanza no Concello da Coruña.
- i) Extinción da personalidade xurídica da asociación ou entidade adxudicataria.

- j) Desafectación do ben.
- k) Concorrenia da adxudicación de dous ou máis hortos na mesma unidade familiar.
- l) Venda de produtos obtidos do cultivo do horto.
- m) Incumprimento das condicións esixidas para manter a autorización.

A extinción da autorización de uso dunha parcela implica tamén extinción de todas as autorizacións concedidas á unidade familiar.

18. Revogación da autorización

O Concello da Coruña poderá revogar unilateralmente a autorización de uso en calquera momento, e sen máis trámite, por razóns de interese público, sen dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

Ademais, considérase causa de revogación a comisión dunha falta moi grave, así declarada e resolta pola Administración, relacionada co incumprimento das normas de uso, cultivos, obrigas ou prohibicións establecidas nesta convocatoria, así como as tipificadas no apartado 19.3.

O procedemento iniciárase mediante notificación á persoa adxudicataria, na que se detallarán os feitos e fundamentos de dereito, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para presentar alegacións. Unha vez analizadas as alegacións, resolverase definitivamente o expediente.

No caso de que a resolución definitiva do procedemento dea como resultado a revogación, esta suporá a extinción da autorización de uso da persoa adxudicataria e das demais autorizacións vinculadas á unidade familiar. En consecuencia, ningunha das persoas integrantes poderá participar en futuras convocatorias.

19. Faltas, infraccións e sancións

Considerarase falta toda acción ou omisión da persoa adxudicataria que supoña a vulneración dos deberes establecidos nesta convocatoria ou na normativa de aplicación.

As faltas clasifícanse en leves, graves ou moi graves, en función das circunstancias e do grao de prexuízo causado ás instalacións, ás persoas ou ao funcionamento das hortas.

19.1. Faltas leves

- a) Non responder de forma voluntaria e dilixente polos danos ou prexuízos causados a terceiras persoas, á Administración ou ao uso xera das instalacións.
- b) Tratar de maneira incorrecta a calquera persoa usuaria, persoal técnico ou demais persoal que desempeñe funcións nos hortos.
- c) Non levar consigo o carné ou autorización correspondente que acredite que a persoa está autorizada para traballar no horto.
- d) Incumprir calquera deber recollido nesta convocatoria ou na normativa vixente sempre que non sexa cualificado como falta grave ou moi grave.

19.2. Faltas graves

- a) Non asistir ao curso básico de horticultura ecolóxica.
- b) Non manter a parcela e as instalacións en bo estado de limpeza, hixiene, seguridade e ornato.
- c) Deixar ferramentas ou utensilios na horta ou nos seus arredores ao finalizar a xornada, así como utilizar grellas fóra do espazo habilitado para tal fin.
- d) Empregar ferramentas motorizadas sen autorización.
- e) Regar mediante manguera.
- f) Modificar a estrutura ou superficie cedida, ou ocupar o espazo con instalacións fixas ou elementos que deteriore a paisaxe (casetas, armarios, estantes, cadeiras, etc.)
- g) Subtraer producións, pertenzas ou ferramenta doutras parcelas sen autorización.
- h) Opoñerse ou dificultar ás inspeccións municipais.
- i) Permitir que persoas non autorizadas traballen o horto sen estar presente unha persoa autorizada ou sen previa comunicación ao concello, así como utilizar o carné doutra persoa autorizada.

- j) Permitir a entrada e permanencia de animais domésticos, agás cando estean atados e baixo a supervisión das persoas autorizadas da parcela, garantindo que non ocasionen danos nin molestias ás demais persoas usuarias.
- k) Acceder con vehículos de tracción mecánica sen autorización expresa do concello.
- l) Causar danos graves de forma voluntaria ás instalacións, materiais ou equipamento das hortas.
- m) Provocar danos graves a si mesmo ou a outras persoas por imprudencia ou negligencia.
- n) Incumprir as normas municipais sobre o uso da parcela de cultivo.
- o) Realizar calquera actuación que altere a convivencia ou o funcionamento das hortas.
- p) Cometer dúas faltas leves, así declarado e resolto pola Administración.

19.3. Faltas moi graves

- a) Cultivar unha parcela sen autorización vixente.
- b) Cultivar máis dunha parcela pola mesma unidade familiar.
- c) Cultivar unha parcela distinta da adxudicada, salvo permuta previamente comunicada e autorizada polo Servizo Municipal de Medio Ambiente.
- d) Ceder ou delegar o uso habitual da parcela a terceiras persoas non autorizadas, aínda que sexan familiares, sen comunicación previa ao concello e a autorización correspondente.
- e) Abandonar ou descoidar a parcela por un período superior a 1 mes sen causa xustificada (agás os meses de decembro e xaneiro). Considerarase cultivada unha parcela limpa e con terra traballada, aínda que non haxa cultivos.
- f) Practicar monocultivo.
- g) Empregar a parcela para fins distintos ao cultivo agrícola ecolóxico.
- h) Posuír ou usar produtos fitosanitarios, químicos ou materias activas non autorizadas na agricultura ecolóxica ou non admitidas en espazos públicos.
- i) Aplicar produtos para o control de pragas e enfermidades, cuxo uso estea regulado no RD 1311/2012, aínda que estea admitido na agricultura ecolóxica (caldo bordelés, xabón potásico, etc.), sen autorización expresa do Servizo Municipal de Medio Ambiente e comunicación previa ao resto de usuarios da horta.
- j) Almacenar substancias perigosas, tóxicas ou combustibles.
- k) Xerar lume na parcela ou arredores.
- l) Provocar danos ambientais ou á fauna e flora protexida do horto.
- m) Colocar mobiliario ou enseres que deterioren a paisaxe (cadeiras, armarios, estantes, etc.).
- n) Construír calquera tipo de edificación na parcela ou arredores.
- o) Falsificar datos de identidade, suplantar a identidade ou manipular carnés.
- p) Agredir fisicamente a persoas usuarias ou ao persoal dos hortos
- q) Impedir o uso dos hortos a outras persoas con dereito.
- r) Obstaculizar o normal funcionamento dos hortos.
- s) Cometer dúas faltas graves, así declarado e resolto pola Administración.

A comisión dunha falta moi grave suporá o inicio do procedemento de revogación conforme o disposto no apartado 18.

19.4. Infraccións e sancións

Constitúen infraccións sancionables as condutas tipificadas na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (BOE núm. 264 do 04.11.2003), na Ordenanza Municipal de Xestión de Residuos e Limpeza Viaria (BOP núm. 214 do 17.09.2005), na Ordenanza de Convivencia e Ocio no Espazo Público do Concello da Coruña (BOP núm. 142 do 21.06.2008), e na Ordenanza de Mobilidade Sostible no Concello da Coruña (BOP núm. 185 do 29.09.2025).

As sancións impoñeranse de maneira proporcional á gravidade da infracción, respectando os principios de legalidade, tipicidade e proporcionalidade, e tramitaranse mediante o correspondente expediente sancionador, no que se garantirá a audiencia á persoa interesada.

ANEXO I - SOLICITUDE / DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^a _____, con
Nº de identidade _____, e domicilio situado na seguinte dirección:
Rúa/Avda. _____, núm. _____,
Nº de teléfono _____ e correo electrónico _____

DECLARO:

1. Que son maior de idade.
2. Que estou empadroadado/a no Concello da Coruña cunha antigüidade mínima dun ano, anterior á data na que finalice o prazo de presentación das solicitudes.
3. Que dispoño da autonomía suficiente para realizar as tarefas básicas do horto, directamente ou con apoio, e conto con capacidade de obrar.
4. Que non teño débedas tributarias en período executivo co Concello da Coruña.
5. Que acepto integramente as cláusulas establecidas na convocatoria de autorizacións para o uso das hortas urbanas.
6. Que todas as persoas que conviven comigo e van traballar no horto cumpren igualmente os anteriores requisitos.
7. Que presento UNHA ÚNICA SOLICITUDE e que non aceptarei un horto se xa se lle concedeu outro a calquera das persoas que convivan no meu domicilio.

E SOLICITO:

1. Concorrer á convocatoria para a adxudicación das autorizacións de uso das hortas ecolóxicas urbanas do Concello da Coruña que comprende o período 2026 - 2029.
2. A autorización de uso sobre algunha parcela de cultivo da seguinte horta urbana:
(indicar UNHA ÚNICA HORTA entre as seguintes opcións: San Pedro de Visma, Novo Mesoiro, Eirís ou Adolfo Suárez)

Elixo a horta de: _____

3. As **autorizacións** para que poidan traballar ou manter a parcela as persoas indicadas nos recadros da seguinte páxina. (Achegar copia do documento de identidade e fotografía de cada unha)

En _____, a _____ de _____ de 2026.

Asinado.:

Solicito as **autorizacións permanentes** para que, igual ca min, poidan traballar a parcela habitualmente as seguintes persoas que son conviventes, están empadroadas no mesmo domicilio ca min e cumpren os requisitos exixidos nesta convocatoria:
(É necesaria a sinatura de cada persoa indicada no recadro correspondente)

PERSONAS CON AUTORIZACIÓN PERMANENTE	DNI/NIE/PASAPORTE	TELÉFONO/EMAIL	SINATURA
Nome: 1º apelido: 2º apelido:		teléfono: email:	
Nome: 1º apelido: 2º apelido:		teléfono: email:	
Nome: 1º apelido: 2º apelido:		teléfono: email:	
Nome: 1º apelido: 2º apelido:		teléfono: email:	

Solicito a **autorización temporal** para que poida manter a parcela puntualmente (non cultivar) a seguinte persoa:
(É necesaria a sinatura da persoa indicada)

PERSONA CON AUTORIZACIÓN TEMPORAL	DNI/NIE/PASAPORTE	TELÉFONO/EMAIL	SINATURA
Nome: 1º apelido: 2º apelido:		teléfono: email:	

ANEXO II - SOLICITUDE PERSOAS XURÍDICAS / DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^a _____, con
Nº de identidade _____, e domicilio para notificacións situado na:
Rúa/Avda. _____, núm. _____,
Nº de teléfono _____ e correo electrónico _____
en representación da entidade _____ con CIF _____

DECLARO:

- Que a entidade á que represento é:
☐ Centro público de ensino.
☐ Asociación sen ánimo de lucro.
- Que a entidade á que represento ten a súa sede social ou delegación no termo municipal da Coruña e que ten un carácter social, pedagóxico, terapéutico ou ambiental.
- Que a entidade á que represento non ten débedas tributarias en período executivo co Concello da Coruña.
- Que a entidade á que represento acepta integramente as cláusulas establecidas na convocatoria de autorizacións para o uso das hortas urbanas.
- Que achego a seguinte documentación (*marcar o que proceda*):
☐ Copia dos estatutos da entidade
☐ Memoria explicativa do proxecto social, pedagóxico, terapéutico ou ambiental para desenvolver, cunha extensión non superior a 10 páxinas (letra Arial, entreliñado sinxelo)

E SOLICITO:

- Concorrer á convocatoria para a adxudicación das autorizacións de uso das hortas ecolóxicas urbanas do Concello da Coruña que comprende o período 2026 - 2029.
- A autorización de uso sobre as parcelas da seguinte horta urbana: (*se está interesado nas dúas poña un "1" na súa opción de preferencia e un "2" na outra*)

☐ Parque de Oza ☐ Parque Carlos Casares

- As autorizacións permanentes para que, poidan traballar a parcela habitualmente o seguinte número de persoas:

Nº DE PERSOAS AUTORIZADAS

En _____, a _____ de _____ de 2026.

Asinado.: